



XVI CONCURSO CARTEL ANUNCIADOR DO XXXII FESTIVAL DE BANDAS DE MEAÑO 2024

BASES

A Banda Unión Musical de Meaño organiza o XVI concurso do cartel para anunciar o XXXII Festival de Bandas de Música, que se celebrará o sábado 27 de abril de 2024.

- 1) Poderá tomar parte neste concurso todo o alumnado dos centros de educación primaria e secundaria do concello de Meaño.
- 2) Cada participante poderá presentar un traballo.
- 3) Os traballos presentados deberán versar sobre a música e o que representa para Meaño o Festival de Bandas. Valoraranse a creatividade e a orixinalidade, contando cunha clara finalidade divulgadora. Só se presentará unha ilustración, sen ningún tipo de texto, xa que este será engadido pola organización unha vez elixido o gañador.
- 4) Os carteis serán sempre inéditos e orixinais, **ao menor indicio de plaxio total ou parcial as obras serán descualificadas.** A presentación dos carteis poderá ser das seguintes formas:
 - a. SOPORTE RÍXIDO: os carteis realizados con técnicas pictóricas (óleo, acuarela, pastel, etc...) deberán vir montados en soporte ríxido (bastidor ou cartón pluma). Así mesmo presentarase tamén unha copia dixital do cartel a toda cor en alta resolución nun disco CD ou memoria USB.
 - b. SOPORTE DIXITAL: no caso de tratarse dunha técnica como a fotografía, informática, etc. as obras deberán ser presentados en soporte dixital, gravados en alta resolución nun CD en formato editable a PDF e noutro formato editable a JPG, ambos escalables a tamaño A3, ou Súper A3 para a súa reprodución impresa. A Asociación Unión Musical farase cargo dos gastos de impresión do cartel.

En canto ao uso de fotografías ou elementos escaneados reais, non serán aceptadas aquelas que, por representar a persoas, animais ou cousas, sexan susceptibles de ser impugnadas ou reclamados os seus dereitos de utilización, por persoas e institucións que poidan acreditar a súa propiedade, sendo o autor o responsable único ante calquera incidencia que por estes motivos se puidese producir.

5) **Presentación dos traballos:**

- a. Si se trata dunha obra presentada en soporte ríxido, **os traballos presentaranse con un lema**, que deberá **figurar no dorso da obra** sen ningún outro dato.
 - b. Si se empregou a técnica de fotografía, informática, etc, presentase o CD etiquetado co lema elixido.
 - ⇒ c. En calquera dos casos ademais presentarase un sobre pechado, contendo un documento cos datos de identidade do autor, indicando nome, apelidos e nº de DNI; e os datos de contacto e notificación indicando domicilio, teléfono, e enderezo electrónico. Ademais conterá a declaración cumprimentada e asinada á que se refire a Base 11ª, (unha copia do modelo adxunto por cada autor). No exterior deste sobre figurará o correspondente lema, sen ningún outro texto, marca ou contrasinal (todo elo para preservar e manter oculta a identidade do autor ata o momento de apertura de sobres)
- 6) O lugar de presentación das propostas será nas oficinas municipais do Ilmo. Concello de Meaño ou no centro educativo. O prazo de presentación remata o venres 22 de decembro de 2023.
- 7) Cos traballo admitidos celebrárase unha **exposición** no Hotel-Restaurante “Quinta de San Amaro” (Rúa San Amaro, nº6, Meaño, Pontevedra) **para a cal o xurado poderá facer unha preselección en función dos carteis presentados.**
- 8) Os visitantes da exposición poderán votar e valorar os traballos expostos no prazo mencionado, estas votacións teranse en conta á hora da valoración por parte do xurado. Todos os participantes nesta votación entrarán no sorteo dunha botella de viño e un aperitivo para catro persoas en dito restaurante.
- 9) O xurado estará composto pola Presidenta da Asociación e tres vogais da mesma designados pola Xunta Directiva da Banda, un representante do Concello, un representante do Hotel-Restaurante Quinta de San Amaro e o voto do público. No caso de empate o voto do público valerá dobre. Actuará como secretario, con voz pero sen voto, outro representante do Concello de Meaño.
- 10) Outorgaranse os seguintes premios:
- a. 1º PREMIO: tablet valorada en 250 €
 - b. 2º PREMIO: vale librería por valor de 100 €
 - c. 3º PREMIO: vale librería por valor de 50 €
 - d. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios ao seu exclusivo criterio.



- 11) A entrega de premios terá lugar o día da presentación do XXXII Festival de Bandas de Música no mencionado Hotel-Restaurante, sendo difundido polos medios de comunicación presentes. O día e data será comunicado con antelación aos premiados, que terán que asistir obrigatoriamente ao acto para recibir o seu agasallo.
- 12) Os carteis que obteñan premio quedarán en propiedade da Asociación, quen fará deles o uso que estime conveniente, reservándose o dereito a reproducilo, no futuro, en calquera soporte e tamaño.
A tal fin, os autores presentarán no sobre pechado xunto coa obra a declaración no modelo ANEXO debidamente cuberta e asinada. As obras que non acheguen esta declaración debidamente cumprimentada e asinada en caso de ser gañadoras será automaticamente descualificadas.
- 13) Os carteis non premiados serán retirados polos autores ou persoas debidamente autorizadas, no prazo de 30 días a contar desde o día seguinte ó peche da exposición, transcorridos os cales entenderase que o autor cede á Asociación Unión Musical de Meaño a súa propiedade, podendo esta darlle o destino que crea conveniente. A Asociación Unión Musical de Meaño non se responsabiliza das embalaxes e custos que conleve a retirada dos carteis.
- 14) A Asociación Unión Musical de Meaño non será responsable por causa algunha da perda, deterioro, extravío, etc. das obras presentadas a concurso durante o seu prazo de duración, non cubríndose póliza de seguro que cubra os devanditos riscos.
- 15) **Será responsabilidade dos cartelistas calquera reclamación que poida producirse en relación coa autoría do cartel e o seu posible plaxio, eximindo de toda responsabilidade á Asociación Unión Musical de Meaño.**
- 16) O fallo do xurado terá carácter inapelable.
- 17) Ao participar no concurso, acepta e concede o seu consentimento para recoller, utilizar e tratar os seus datos persoais de acordo co establecido nestas bases e de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos. A finalidade do tratamento dos seus datos persoais é a correcta xestión da participación no concurso, que pode incluír, entre outras, a comprobación da elixibilidade dos participantes e a comunicación relacionada co concurso e os resultados.
- 18) A presentación de traballos neste concurso implica a total aceptación destas bases.

Meaño, a 9 de outubro de 2023

A Presidenta da Asociación.

D^a Olga Pérez Samartín.



Concurso do Cartel Anunciador do XXXII Festival de Bandas de Música de Meaño

FICHA DE INSCRIPCIÓN

(obrigatorio cubrir, asinar e incluír no sobre pechado a entregar xunto coa obra)

LEMA

NOME

APELIDOS

DNI

DOMICILIO

E-MAIL

TELÉFONO

Declaro formalmente que son autor da obra correspondente ao lema indicado, e no caso de resultar gañador dun dos premios, pola presente cedo a propiedade da obra á Asociación Banda Unión Musical de Meaño, que se reserva a todos os dereitos sobre a mesma, incluído o de reprodución, polo período de tempo que as leis nacionais establezan.

Así mesmo fágome responsable de calquera reclamación efectuada por terceiros en relación coa autoría do cartel ou o seu posible plaxio.

Acepto tódalas bases da convocatoria do Concurso do Cartel Anunciador do XXXII Festival de Bandas de Música de Meaño.

ASINADO: _____